

Seguro de accidentes “Cum Laude”

O seguro de accidentes Cum Laude é un seguro de accidentes de balde contratado pola Universidade de Vigo para tódolos alumnos matriculados nela.

Cobertura e capitais asegurados	Seguro “Cum Laude”
COBERTURAS:	SEGURO DE BALDE PARA TÓDOLOS ALUMNOS MATRICULADOS (*)
PERDIDA DE CLASES durante 20 días consecutivos, por accidente, en concepto de axuda para clases particulares	..
PERDIDA DE CLASES durante dous meses consecutivos, por accidente, reembolso do importe da matrícula ata o límite de	..
ASISTENCIA SANITARIA (en centros médicos de libre elección), por accidente ata o límite de	1.800 Euros
ASISTENCIA EN VIAXES (Estranxeiro por un período menor de 90 días consecutivos):	
- Asistencia Sanitaria por enfermidade ata	2.800 Euros
- Traslado sanitario ata o domicilio habitual	Incluído
- Envío dun familiar no caso de hospitalización	Incluído
- Gastos de estancia deste familiar (máximo 10 días)	30 Euros /día
- Repatriación por falecemento	Incluído
- Servicio de información de viaxes	Incluído
- Servicio de mensaxes urxentes	Incluído
INCAPACIDADE PERMANENTE ABSOLUTA por accidente	12.000 Euros
INCAPACIDADE PERMANENTE PARCIAL por accidente, segundo baremo en base a	12.000 Euros
INFORTUNIO FAMILIAR:	
Falecemento polo mesmo accidente, en transporte público ou privado:	
- Do pai ou da nai	6.000 Euros
- De ámbolos dous	6.000 Euros

Asegurados:

Seguro Cum Laude: Serán asegurados tódolos alumnos matriculados na Universidade de Vigo en grao, máster e doctorado, tanto en centros propios como adscritos, estudantes extranxeiros de programas de intercambio (Erasmus, Sócrates, etc.), tesinandos e doutorandos estén ou non matriculados e, finalmente, bolseiros que colaboren coa Universidade de Vigo. Asemesmo, considéranse asegurados tamén aqueles alumnos que habendo estado matriculados no curso anterior, non puideron formalizala matrícula para o curso seguinte debido as limitacións temporais ou impedimentos administrativos da propia Universidade, sempre que se poidan demostrar fehacemente ditas limitacións temporais ou impedimentos administrativos.

Efecto da cobertura:

A cobertura será efectiva ás 00:00 do día 01 de setembro 2025, ata as 24:00 horas do día 31 de agosto de 2026

(*) estas garantías poden ser ampliadas por 10.70 €. Máis información na páxina de ligazóns .